


Cómaros. Revista Interdisciplinar de  
pensamento Galego

FEDERICO GARCÍA LORCA, POETA GALEGO

*FEDERICO GARCÍA LORCA, GALICIAN POET*



LUCIANO RODRÍGUEZ

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

## Resumen

Neste traballo se analiza a obra de Federico García Lorca en galego. Un traballo interesante e non moi coñecido. Seis poemas onde se afonda no imaxinario galego dende unha perspectiva andaluza.

**Palabras claves:** García Lorca, Galicia, Poesía, Andalucía, Imaxinario.

## Abstract

In this work we analyse Federico García Lorca's oeuvre in Galician. An interest work and it doesn't is more knew. Six poems in which it is delve in galician imaginary since an Andalusian perspective.

**Keywords:** García Lorca, Galicia, Poetry, Andalucía, Imaginary.



Cómaros. Revista Interdisciplinar de Pensamento Galego is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-CompartirIgual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/).



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

*Na memoria de Luciano Rodríguez, meu avó, e Vitorino Rodríguez, meu pai, presos no Castelo de Viana do Bolo, aquel 19 de agosto de 1936 en que mataron, en Alfacar, a Federico e, en Cacheiras, ao editor e Alcalde de Santiago, Ánxel Casal.*

- Llevo a Galicia en el corazón, porque en ella he vivido y soñado mucho: para mí es mejor soñar que vivir.

(..)

- A mi llegada a Galicia, ellas [refírese a Santiago de Compostela e á paisaxe galega] se apoderaron de mí en forma tal que también me sentí poeta de la alta hierba, de la lluvia alta y pausada. Me sentí poeta gallego, y una imperiosa necesidad de hacer versos, su cantar me obligó a estudiar a Galicia. (...) Y en el estudio de lo gallego, en su literatura y en su música, encontré afinidades verdaderamente milagrosas con la música y la literatura andaluza, mejor dicho, flamenca y aún mejor dicho, gitana (...)

1

Esta efusiva e certa declaración que Federico García Lorca lle fai a José Rodríguez Lence en Buenos Aires en 1933, publicada en *Correo de Galicia*, “Un rato de charla con García Lorca” (22.10.33) (*Prosa*: 459), logo de xa ter publicado en 1932 na revista lucense *Yunque* (nº 6, decembro) o poema “Madrigal á cidade de Santiago”), é o arranque dos *Seis poema Galegos*.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

O músico, poeta, dramaturgo, actor, director de teatro, conferenciante, debuxante... ou “muchipersona” como fora definido polo poeta e escritor sevillano Joaquín Romero Murube en declaracións a Miguel García-Posada (*Poesía 1*, 1989: 13), tamén foi poeta galego, e esa obra breve, a galega, en nada é inferior á súa obra poética en castelán, como teremos oportunidade de amosar no transcurso deste pequeno ensaio. Mais antes habemos de formularnos unha pregunta. Como naceu este amor e identificación co imaxinario poético galego que Federico fai tan seu sen deixar de retratarnos como galegos?

Como xa sabemos, esta relación de García Lorca con Galicia foi extensamente estudada e documentada en traballos de Franco Grande e Landeira Yrago (1974), Landeira Yrago no seu libro *Federico García Lorca y Galicia* (1986), Andrew A. Anderson (1988), Xesús Alonso Montero e Miro Villar en *Textos e documentos para o Congreso sobre García Lorca en Galicia, poeta en lingua galega* (1998) ou Luís Pérez que no seu libro *O pórtico poético dos seis poemas Galegos de F. García Lorca* (2011) nos proporciona unha das máis documentadas informacións sobre os manuscritos (e outros avatares) dos poemas galegos lorquianos. Os feitos ocorren nunha cronoloxía que vai de 1916 até 1935, e que detallaremos brevemente.

O primeiro contacto físico de García Lorca con Galicia vaise producir na viaxe artística e cultural que realiza cos seus compañeiros da Facultade de Letras e Dereito, guiados polo seu profesor, o Catedrático de Teoría da Literatura e das Artes da Universidade de Granada, Martín Domínguez Berrueta. Parten de Madrid e desprázanse ao Escorial, Ávila, Medina del Campo, Salamanca, Zamora, Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, León, Burgos, Segovia, para tornar ao punto de partida, Madrid.

Literariamente deixou a crónica e experiencia destes feitos no seu primeiro libro que se ía publicar a comezos de abril de 1918, sob o título de *Impresiones y paisajes*, no que recolle “Un hospital de Galicia” onde reflexiona sobre a paisaxe e o carácter dos galegos e denuncia as carencias e miserias da institución de beneficencia sita en



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

San Domingos de Bonaval. Amais escribe outros dous textos: “Impresiones del viaje. Santiago” e “De Santiago a Coruña”, que completan a imaxe galega da viaxe, as tres “impresións” en edición de Rafael Lozano Miralles (García Lorca 1994: 189-190 e 296-299).

Froito tamén da súa visita a Santiago e, máis en concreto, ao Panteón de Galegos Ilustres, sito na Igrexa de San Domingos de Bonaval, onde repousan (entre outros próceres) os restos da súa admirada e irmá na nostalxía e na morte querida, Rosalía de Castro, á que tres anos despois (1919) dedicará “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro”, que en edición de Christian de Paepe podemos ler en *Poesía inédita de juventud* (1994: 512-516), e da que reproducimos os oitos primeiros dodecasílabos e os oito derradeiros da composición, ao seren eles os que mellor retratan a afinidade entre o norte e o sur, Rosalía e Federico:

Desde de las entrañas de la Andalucía,  
Mojados con sangre de mi corazón,  
Te mando a Galicia, dulce Rosalía,  
Claveles atados con rayos de sol.

Que este ramo llegue a tu sepultura  
Tal como una llama de las que el Señor.  
Para iluminarlos en su noche oscura,  
A los doce Apóstoles un día envió.

(...)

Quiero que lloremos la melancolía  
Que sobre nosotros el cielo dejó,  
Pues vamos cargados con cruz de poesía  
Y nadie que lleva esta cruz descansó.

Junto a los cipreses que rompen el cielo  
Saludo los sauces que tiene Padrón.  
Quiero que con estos claveles sangrientos  
Llegue a tu sepulcro mi llanto y mi voz.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

En 1932, dezaseis anos despois, xa el recoñecidísimo poeta, dramaturgo en crecemento, director teatral e conferenciante de grande éxito, Federico García Lorca vén a Galicia en tres ocasións, sendo a primeira na primeira quincena de maio, para impartir unha serie de conferencias, patrocinadas polo Comité de Cooperación Intelectual, estando en Vigo o día 6 onde diserta sobre “Arquitectura del cante jondo”, trasladándose a Santiago onde imparte a conferencia “Paraiso cerrado para muchos, jardín abierto para pocos (Granada y su poeta del siglo XVII)”, no local da Sociedad Económica de Amigos del País, para logo pola noite cear no Hotel Compostela cun grupo de estudantes universitarios e admiradores seus na cidade do Apóstolo. Os días 8 e 9 vai estar na Coruña, conferencia o primeiro día sobre “Arquitectura”, facendo o día 9 unha lectura comentada de poemas do seu libro inédito *Poeta en Nueva York*. Torna o día 10 a Santiago, onde quizais fai a conferencia sobre “Arquitectura del cante jondo”, sendo agasallado pola noite cunha cea-homenaxe. Ao día seguinte volta a Madrid.

No mes de agosto volve a Galicia, esta vez co Teatro Universitario *La barraca*, que el dirixe, actuando os días 22 e 23 na Coruña, o 24 na Praza da Quintana en Santiago, os días 27 e 28 en Pontevedra, o 29 en Vilagarcía de Arousa, o 30 en Lugo, sendo a última representación en Ribadeo o día 31, para de seguido desprazarse a Asturias.

No mes de novembro novamente volve a Galicia, estando o día 19 en Pontevedra, e na cidade do Lérez faille entrega a Xosé María Álvarez Blázquez dunha copia do soneto “Yo sé que mi perfil será tranquilo” para a revista *Cristal*; ao día seguinte imparte a conferencia “María Blanchard, gloria y angustia de la poesía moderna”, e entrega unha copia, novamente para *Cristal*, do poema “Asesinato”, de *Poeta en Nueva York*. A seguinte cidade que visita, os días 21 e 22, é Lugo onde se atopa con Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Luís Manteiga e Francisco Lamas. A requirimento de Ánxel Fole, entrégalle para a revista *Yunque* o que será o primeiro dos *Seis poemas Galegos*, “Madrigal á cidade de Santiago”, única composición da que se



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

conserva copia manuscrita, e única publicada en prensa antes de saír en libro. O día 23 sae de Lugo camiño de Madrid.

A estas catro viaxes a Galicia hai que sumar unha quinta á Galicia exterior: a viaxe que emprende a Arxentina e Uruguai no derradeiro trimestre de 1933 e o primeiro de 1934, para promocionar o seu teatro, tendo un grandísimo éxito con *Bodas de sangre*, amais de ofrecer conferencias e recitais. A finais de xaneiro e mediados de febreiro visita Montevideo, voltando a Buenos Aires, onde embarca rumbo a España o 20 de marzo.

Desta etapa consérvanse tres debuxos de García Lorca con lendas en galego, e o que cremos aínda máis importante, desta súa experiencia coa emigración galega, ha nacer a “Cantiga do neno da tenda”.

Se me demorei unha miga no trato esporádico máis intensísimo coa terra e coa intelectualidade e paisanaxe galegas é porque considero que foi acumulando un *humus* que tiña que derivar en creación. Desde sempre nos pareceu que García Lorca non era autor de improvisacións, de vagas intuicións.

Nun ben certo retrato intelectual (e humano) que Luis García Montero trazou achegándose á súa biblioteca e aos libros de formación, e que leva por título *Un lector llamado Federico García Lorca*, servíndose dunha sinxela pero fonda expresión debuxa a estrutura de pensamento que marca unha das mentes máis claras do século XX. Dinos García Montero (2016: 23):

No era un profesor, no había preparado oposiciones, no sentía interés por los títulos académicos, pero su formación literaria y musical se alejaba mucho de la ignorancia o del instinto desnudo. Es un error confundir cultura, que es cultivo, con el adorno, la decoración y la pedantería. Una persona hace suya la literatura cuando busca en ella los sentimientos y las razones que le sirven para comprender el sentido de la verdad en su vida. Un poeta busca en la tradición el abono que le sirve para nutrir su propio mundo. Tenía razón Pedro Salinas cuando distinguía entre *leedores* y lectores, como se puede distinguir entre culturalistas y personas cultas. Frente al público adocenado de las ciudades, García



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Lorca defendió a veces la sensibilidad cultivada de los campesinos que habían asumido unas cuantas verdades en la experiencia de la realidad para responder a la necesidad y justificar su forma de vida. García Lorca procuró lo mismo, solo que en su experiencia de la realidad ocuparon un lugar decisivo los libros.

Certo, non era profesor mais deunos unha grande lección aproveitando e asimilando os seus coñecementos (non poucos) da lírica galega medieval, dos clásicos galegos do século XIX: Rosalía de Castro, a súa benquerida e irmá en espírito, o vigor e rexo formalismo de Eduardo Pondal ou a insubornábel ética de Manuel Curros Enríquez. Mais non é indiferente á obra de autores novos como Euxenio Montes, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio ou Álvaro Cunqueiro, sen esquecer en ningún momento a tradición oral e a letra e a música do cancionero popular galego, que coñecía, en palabras de Andrés Soria Olmedo (2004: 374),

(...) a través de los trabajos de musicólogos de la Residencia como Florentino Martínez Torner y Jesús Bal y Gay, estaba al tanto de las conexiones vivas entre folclore gallego y la tradición literaria,  
(...)

2

*Seis poemas galegos*, escrito entre 1932 e 1934 ou comezos de 1935, foi publicado en Santiago de Compostela con pé de prensa de decembro de 1935, segundo reza no colofón, polo selo Editorial NÓS, a grande editorial de referencia da Galicia na época que vai entre 1916-1936, a época das Irmandades da Fala, sendo o responsábel da edición e prologuista Eduardo Blanco-Amor.

*Seis poemas Galegos* temos que encadralos nos anos de madurez do poeta, xustamente despois da etapa máis rupturista e violenta que se materializa nos dous libros que escribe na estancia neiorquina e cubana: *Poeta en Nueva York* e *Tierra y Luna*.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Os novos camiños poéticos que emprende García Lorca, na que será o peche da súa obra poética, veñen marcados por un forte espiritualismo e un arraigo na tradición, que el procura no máis arcano, polo mundo perdido e/ou soñado, e que estaría representado fundamentalmente polos *Seis poemas Galegos* e *Diván del Tamarit*, mais tamén por *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías* e *Sonetos del amor oscuro*. Atopámonos –e seguimos a Soria Olmedo (1998: 12)– diante dunha “nueva manera espiritualista” que

recupera temas y motivos de su primera manera juvenil que conocemos desde hace poco (que) le permite reajustar el sentimiento trágico de la vida (...) y proseguir con su lectura de la tradición eterna. Tiene ahora a su disposición todas las posibilidades de extrañamiento –vanguardia– para arrojarlas como un lanzallamas. Y lo hace.

Antes de pasar a unha breve lectura comentada do poemario queremos deixar constancia da nosa fidelidade e débeda para con aqueles traballos que nos precederon e cimentaron a nosa valoración desta pequena grande obra que son os *Seis poemas galegos*:



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

2. 1. Ao comezo da década dos setenta do século pasado Feal Deibe (1971: 587) publicaba un estudo sobre as fontes rosalianas dos poemas lorquianos:

(...) Son una obra profunda y muy rica, pese a su brevedad, de la que no podríamos prescindir en una estimación global de Lorca. Su lengua, y el acento o música a ella anejo, la hacen algo insustituible. Considerados por sí solos, estos poemas bastarían para consagrar a un artista.

Suscribimos plenamente estas ben asisadas palabras, aínda que as fontes rosalianas dos textos lorquianos, con estar moi presentes, nos as vemos tan envolventes porque o substrato fertilizador de cultura galega vai nun abano moito máis amplo: o literario, si, mais tamén o antropolóxico e o mítico.

2. 2. Cremos que moi valente e afortunada foi a edición tetralingüe que en 1974 e 1978 preparou Alonso Montero para Akal Editor, onde podemos ler (1978: 7):

(...) A este home debe a nosa marxinada Fala a homenaxe máis alta e, quizais, a máis eficaz.

“Arealonguiña”, colección de libríños curtos, cavilou moito para atopar a peza e o autor cos que se presentar ao lector. Fíxoo, no outono do 74, da man de *Seis poemas galegos*, de García Lorca, poemas que nos satisfai amosar nas catro linguas de España.

A voz máxica de Lorca -¿máxica ou meiga?- é a chave que abre unha colección de libros que ten, entre outros obxectivos, o de chegar a públicos “nunca de antes navegados” (Texto da contracapa).

Reproduce, pois a edición prínceps, coas correspondentes versións en castelán, da man de Ánxel Fole, e as versións catalá e euskera, feitas por Ricard Salvat e Gabriel Aresti, respectivamente.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

O hoxe Presidente da Real Academia Galega, e daquela Catedrático de Literatura Española no Instituto de Lugo, era perfectamente consciente da valía *per se* dos textos, e aínda que se interroga sabemos que sabe da voz máxica e meiga, letra para guitarra, gaita e zanfona.

2. 3. O hispanista norteamericano Andrew A. Anderson na súa edición crítica do *Diván del Tamarit. Seis poemas Galegos. Llanto por Ignacio Sánchez Mejías* (1988) soubo ver con moi perfecto criterio como o *Diván...* e os *Seis poemas galegos* supoñen unha procura dun mundo perdido e añorado, unha viaxe á raíz reafirmante que entrevé, soña ou imaxina no polen de ideas dun mundo árabe e oriental que traduce en “Casidas” e “Gacelas”<sup>1</sup>, e o mundo máxico e mítico que manifesta nas crenzas, e no ideario colectivo e identitario que percibe en Galicia.

2. 4. Nunha liña nada distante atopamos a postura do último grande editor e unha das autoridades na obra lorquiana, Miguel García-Posada, que en *Poesía 2* (1989: 103-104) sentencia:

---

<sup>1</sup> Emilio García Gómez: “Nota” en Federico García Lorca (1988: 184-185) precisanos:

(...) Llámase *casida* en árabe a todo poema de certa longitud, con determinada arquitectura interna, cuyo detalle no hace al caso, y en versos monorrimos, medidos con arreglo a normas escrupulosamente estereotipadas. La *gacela* —empleada principalmente en la lírica persa— es un corto poema, de asunto con preferencia erótico, ajustado a determinados cánones estéticos y cuyos versos son más de cuatro y menos de quince. *Diván* es la colección de las composiciones de un poeta, generalmente catalogadas por orden alfabético de rimas.

No creo que haya que decir que las denominaciones de García Lorca —*diván, gacelas, casidas*— no se ajustan a las definiciones anteriores. En este sentido son arbitrarias. Pero tampoco creo que hay que decir —y mucho menos tratándose de Lorca— que estas poesías nada tienen de común con esas llamadas orientales, máscaras literarias de un carnaval romántico, falsas, vacuas, pintarrajeadas.

Los poemas del *Diván del Tamarit* no son falsificaciones ni remedos, sino auténticamente lorquianos. Otros podrán señalar su significación en la evolución de la estética del poeta y apreciarán quizá su ímpetu creciente, su concentrado ardor y esa mayor frecuencia con que, en ellas, venas azules vetean y humanizan un mármol antes frío.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

A la Andalucía mítica va a corresponder una Galicia igualmente mítica. Lorca selecciona sabiamente los elementos constitutivos, rebasando cualquier perspectiva costumbrista: las hierbas, la lluvia, el agua, claves simbólicas archiconocidas ya para nosotros (...)

2. 5. A profesora, poeta, violinista, dramaturga, narradora e ensaísta Luísa Villalta (tristemente desaparecida), en 1999 ofreceunos un dos ensaios máis enriquecedores e lúcidos da Literatura Galega, *O outro lado da música, a poesía*, en que establece a relación entre ambas artes desde a época medieval até a das Irmandades da Fala, centrando o capítulo de peche, “As formas da nova música”, en catro figuras ben representativas: Manuel Antonio ( *De catro a catro*, 1928), Eduardo Blanco-Amor ( *Poema en catro tempos*, 1931), Álvaro Cunqueiro ( *Mar ao norde*, 1932, *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) e *Poemas do sí e non* (1993) e Federico García Lorca ( *Seis poemas Galegos*, 1935). Define os poemas do granadino (seguro que sería do seu agrado) como unha suite. Mais deixemos que sexan as palabras da Luísa Villalta (1999: 132) as que o expresen:

Todos e cada un dos poemas galegos adoptou unha forma musical e, apesar de non existir unha vontade previa de relación formal entre uns e outros, o parentesco vén a ensarillalos nunha suite, colección de danzas e aires de inspiración popular moi frecuentada polos compositores barrocos: MADRIGAL A LA CIUDAD DE SANTIAGO, Ai, ruada, ruada ruada, CANTIGA DO NENO DA TENDA, NOITURNO DO ADOLESCENTE AFOGADO, VELLA CANTIGA e DANZA DA LÚA.

Pero non se trata só dunha recolla e reelaboración do popular, senón de darlle unha aparencia de sinxeleza, como tiñan practicado, poñamos por caso, Claude Debussy ou Manuel de Falla.

2. 6. Como peche desta reivindicación–valoración dos *Seis poemas Galegos* énos moi grato saudar con toda a efusividade e entusiasmo o rigoroso traballo de Arcadio López-Casanova incluído no seu libro *Macrotexto poético y estructuras de sentido* en



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

que analiza o *Diario de un poeta recién casado* (1916), de Juan Ramón Jiménez, *Seis poemas galegos* (1935), *El rayo que no cesa* (1936), de Miguel Hernández, *Historia del corazón* (1954), de Vicente Aleixandre e *Viaxe ao País do Ananos* (1968), de Celso Emilio Ferreiro.

O alto poeta e teórico do feito poético conclúe o capítulo dedicado a Lorca con estas ben xustas palabras (López-Casanova, 2007: 93):

Breve gran obra de un gran poeta, aportación genial a la historia lírica gallega, a la lírica de todos los tiempos, de todos los pueblos.



3

Vaiamos, pois, con esta breve e grande obra que cremos que responde a aquilo que quería do texto literario José Lezama Lima, cando dicía que na obra literaria non importaba que fose longa ou breve, senón que tivese “la abundancia justa”.

O poema faise con palabras, xa que logo, é unha cuestión de linguaxe. Ler, criticar, supón unha viaxe ao interior do texto, construción de palabras, non para lle acrecentar calquera cousa, mais para o habitar. Habitemos. Mais primeiro, leamos



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

### *MADRIGAL Á CIBDÁ DE SANTIAGO*

Chove en Santiago  
meu doce amor.  
Camelia branca do ar  
brila entebrecido o sol.

- 5 Chove en Santiago  
na noite escura.  
Herbas de prata e sono  
cobren a valdeira lúa.

- Olla a choiva pola rúa,  
10 laio de pedra e cristal.  
Olla no vento esvaído  
soma e cinza do teu mar.

- Soma e cinza do teu mar  
Santiago, lonxe do sol;  
15 Ágoa de mañán anterga  
trema no meu corazón.

Na época renacentista o madrigal era unha composición musical polifónica, de asunto profano, amoroso e/ou bucólico. No século XIX, voltamos a nos atopar coa denominación de “madrigal”, mais non como forma musical, senón como sinónimo de canción, pero tamén con marcadas connotacións arcaicas e evocadoras.

Nesta composición atopámonos coa compoñente amorosa –“Chove en Santiago/ meu doce amor” (vv.1-2)– , mais tamén cun certo elemento bucólico –“Camelia branca do ar” (v.3), “herbas de prata e sono/ cobren a valdeira lúa” (vv.7-8), mais este ton bucólico vese “entebrecido” pola presenza constante da sombra e cinza , “noite escura” (v.6) e a choiva, “laio de pedra e cristal”(v.10).

Esta compoñente temática –loita de contrarios: sombra e luz– vese reforzada polas estruturas compositivas paralelísticas: vv. 1-4 (chove, tamizado de luz) e vv. 5-8 (chove..., cargado en sombras). Nos vv. 8-9 e vv.10-11 constrúense en paralelo



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

mais focando (“Olla” / “Olla”) cara á visión dos elementos de negatividade, “choiva” e “vento”, que deriva na anadiplose : “soma e cinza do teu mar” // Soma e cinza do teu mar” (vv. 12-13), para desembocar no verso aparentemente de máis negatividade: “Santiago, lonxe do sol”. A descrición, a narratividade lírica, empregada até o verso 14, sérvelle de máscara ao eu para dar un “chimpo” e situarse no escenario evocador: “Ágoa de mañán anterga/ trema no meu corazón” (vv.15-16). Aquí podemos observar como a “ágoa”, elemento que flúe e queda, repítese, evoca o pasado e o futuro. O pasado e o futuro conflúen en “trema no meu corazón”, auga que fotografa na palabra para que siga en movemento nos ollos do lector. Velaí como a tradición asumida consciente e asimilada responsabelmente, coa ousadía e atrevemento da imaxe, marca os camiños da modernidade que aquí ben pon en práctica, tal e como tamén ocorrerá nos outros poemas.

Mais prosigamos coa lectura:

### ROMAXE DA NOSA SEÑORA DA BARCA

*¡Ai ruada, ruada, ruada  
da Virxen pequena  
e a súa barca!*

A Virxen era pequena  
5 e a súa coroa de prata.  
Marelos os catro bois  
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían  
a choiva pola montana.  
10 Mortas e mortos de néboa  
polas congostras chegaban.

¡Virxen, deixa a túa cariña  
nos doces ollos das vacas  
e leva sobr'o teu manto  
15 as frores da amortallada!



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Pola testa de Galicia  
xa ven salaiando a ialba.  
A Virxen mira para o mar  
dend'a porta da súa casa.

*20 ¡Ai ruada, ruada, ruada  
da Virxen pequena  
e a súa barca!*

No manuscrito apógrafo, este segundo poema non tiña título, sendo o editor, Blanco-Amor, quen o bautice “Romaxe da Nosa Señora da Barca”. Supomos que inducido pola explícita referencia textual do refrán –“da Virxen pequena /e a súa barca”. Mais o que seguramente García Lorca pretendía era fotografar o mundo das romaxes, as súas crenzas e ritos, collendo elementos de distintas romaxes: a da Barca (Muxía), Nosa Señora da Franqueira ou a de Santo André de Teixido, á que fai mención entusiasta na súa conferencia “Juego y teoría del duende” (*Prosa*: 158).

Esta composición e a dedicada a Rosalía de Castro, van ser as que comecen e rematen cun refrán, mais partindo dun molde tradicional isto non lle impide romper a forma, facendo que a tradición se torne elemento de orixinalidade, ofrecéndonos un poema alonxado do costumismo, se ben este está moi presente, desde a construción en versos asonantados, até as descrições que retratan as catro escenas compositivas, creando un cadro inzado de colorido e pespunteado de sombras que non enturbian o renacer e a luz, dinamizadora do conxunto. O poema desenvólvese en catro cuartetas romanceadas; entra (vv.4-7) coa estampa popular da Virxe pequena portada por catro bois marelos que a procesionan no carro: rito de protección e boaventura; a partir do v. 8 até o final os elementos tradicionais dilúense na atrevida imaxinaria: a choiva, pombas de vidro, fecundan a terra, mentres a Santa Compañía súmase á procesión (vv.10-11 “Mortas e mortos de néboa/ polas congostras chegaban”), en tanto que na seguinte escena –vv.12-15- o falante lírico prega á Virxe que lles regale os seus dons e os libere de todo mal (v.15 “as frores da amortallada”). Nos versos que encerran a composición anúnciase a boaventura –vv.16-17”Pola testa de



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Galicia/ xa ven salaiando a ialba”- e a Virxe beatífica benzoa a terra e o mar  
“dend’a porta da súa casa”.

Mudamos de escenario e imos a Buenos Aires coa

### CANTIGA DO NENO DA TENDA

*A Ernesto Pérez Guerra*

Bos Aires ten unha gaita  
sobre do Río da Prata,  
que toca o vento do norde  
coa súa gris boca mollada.  
5 ¡Triste Ramón de Sismundi!  
Aló, na rúa Esmeralda,  
basoira que te basoira  
polvo d’estantes e caixas.  
ao longo das rúas infindas  
10 os Galegos paseiaban  
soñando un val imposíbel  
na verde riba da pampa.  
¡Triste Ramón de Sismundi!  
Sintéu a muiñeira d’ágoa  
15 mentres sete bois de lúa  
pacían na súa lembranza.  
Foise pra veira do río,  
veira do Río da Prata.  
Sauces e cabalos múos  
20 creban o vidro das ágoas.  
Non atopou o xemido  
malencónico da gaita,  
non víu o inmenso gaiteiro  
coa boca frolida d’alas;  
25 triste Ramón de Sismundi,  
veira do Río da Prata,  
víu na tarde amortecida  
bermello muro de lama.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Este romance, crónica de vida e morte, foille dedicado a Ernesto Pérez Guerra (Guerra da Cal), quen en 1949 dixo que

Sobre los poemas de Federico –los gallegos se entiende– mi intervención fue servirle de diccionario viviente, y –si me es permitido decirlo– poético y discriminatorio. (cita en Pérez Rodríguez, 2011: 175).

Na edición *princeps* foi omitida polo editor.

Atopámonos diante da crónica dun fracaso, ese emigrante, ese “neno da tenda”, – “¡Triste Ramón de Sismundi!”–, que desde a aldea de Sismundi (Concello de Cariño), representación das múltiples aldeas que viron os seus fillos partir coa esperanza dunha mellora non sempre acadada. E que con Rosalía de Castro (1980: 228) poderíamos dicir

Triste é o cantar que cantamos,  
mais ¿qué facer si outro mellor non hai?  
Moita luz deslumbra os ollos,  
causa inquietude o moito desear.

Voltemos ao texto. Trasládanos a Buenos Aires onde o emigrado nos é presentado no seu ámbito de vivencia e traballo. O poema desenvólvese nun conxunto de escenas contrastivas que desembocan co suicidio do protagonista de tan triste e dramática historia. O espazo amábel da cidade en que se suceden os días, entre o ambiente rotinario do traballo, rematan por esmagar unha vida sen horizontes na cidade que se converte en inhabitábel (vv. 9-1• “ao longo das rúas infindas/ os galegos paseiaban/ soñando un val imposíbel/ na verde riba da pampa”). Nun ambiente abafante e angustioso, nunha atmosfera de alucianación, sente a chamada da auga, para acabar desaparecendo no “bermello muro de lama”. O contraste entre o mundo ausente, que non se describe, mais que intuímos, e o mundo ao que foi trasplantado, xera a prisión que o encadea, e que o empurra a ver que a morte é a súa triste liberación, actitude moi rosaliana, como lorquianas –e ben galegas– son as



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

imaxes “coa súa boca mollada”, “sete bois de lúa” “sauces e cabalos núos”, “coa boca frofida d’alas” e especialmente, a máis impactante e desencadeante: “Sintéu a muiñeira d’ágoa”, que ben poderíamos emparentar coas canción da romaxe de *Yerma* (*Teatro*, 1997: 519-520), naquela altura que di

En el río de la sierra  
la esposa triste se bañaba.  
Por el cuerpo le subían  
*los caracoles del agua.*  
(cursiva nosa).

Moitos anos despois da morte de Ramón de Sismundi foille posto un lustroso epitafio no *Cimiterio privado* (1973) de Celso Emilio Ferreiro (2004: 455). En 2014, Amancio Prada no libro-disco *Federico García Lorca. Poeta en Galicia*, acompañado polo acordeón de Cuco Pérez e a guitarra flamenca de Josete Ordóñez, púxolle música e voz, ben temperada, a ritmo de tango, á “Cantiga do neno da tenda”.

Nas augas do Sil aboia outro afogado, un adolescente en amor desesperado.

### NOITURNIO DO ADOESCENTE MORTO

Imos silandeiros orela do vado  
pra ver o adolescente afogado.

Imos silandeiros veiriña do ar,  
antes que ise río o leve pro mar.

- 5 Súa ialma choraba, ferida e pequena  
embaixo os arumes de pinos e d’herbas.

Ágoa despenada baixaba da lúa  
cobrindo de lirios a montana núa.

O vento deixaba camelias de soma



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

10 na lumieira murcha da súa triste boca.

¡Vinde mozos loiros do monte e do prado  
pra ver o adolescente afogado!

¡Vinde xente escura do cume e do val  
antes que ise río o leve pro mar!

15 O leve pro mar de curtiñas brancas  
onde van e ven vellos bois de ágoa.

¡Ai, cómo cantaban os albres do Sil  
sobre a verde lúa, como un tamboril!

¡Mozos, imos, vinde, aixiña, chegar  
20 porque xa ise río m'o leva pra o mar!

O “Noiturnio” lévanos en orixe ao ámbito musical, peza romántica por excelencia en que sobrancea o sentir brumoso e nostálgico; mais García Lorca, igual que fai cos elementos da tradición literaria, bota man do musical para liberrimamente conducilo cara a interpretacións e propostas absolutamente persoais.

Como moi acertadamente interpretou López-Casanova (2007: 71) estamos diante dun *pranto* feito por unha nai desconsolada (Canto nos recorda a nai do *Epitafio* (1936) do poeta grego Yannis Ritsos!). A voz desgarrada da nai que chora a morte por amor –“Súa ialma choraba, ferida e pequena” (v.5)– do fillo e que congrega ese coro (o poema ten moito de cadro de traxedia) coas xentes da contorna: os mozos do monte e do prado, e a “xente escura do cume e val!” (v.13). Chama por todos para que participen da súa dor e da manriqueña despedida: “antes que ise río o leve pro mar” (v.4) e “porque xa ise río m'o leva para o mar!” (v.20).

A composición en dísticos dodecasilábicos dálle un aire de solemnidade e grandeza como se se tratase dunha marcha fúnebre. Todo armoniza e conxúgase neste cadro en que se pintan as cores da traxedia: todo se organiza “orela do vado” para



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

acompañar a marcha do adolescente afogado; tamén a natureza se suma: os piñeiros e as herbas, a auga despenada que baixa da lúa “cobrindo de lirios a montana núa” (v.8) e o vento “deixaba camelias de soma” (v.9).

“Noiturnio do adoescente morto” é un texto que establece un aire de familia coa “Casida del herido por el agua” de *Diván del Tamarit* (*Poesía 2*: 351); nel tamén resoan ecos de “Los densos bueyes del auga” do romance “El emplazado” do *Romancero gitano* (*Poesía 2*: 169). Ao igual que os VV. 17-18: “¡Ai, cómo cantaban os albres do Sil/ sobre a verde lúa, como un tamboril!” levan a forza, fascinación e misterio do “Romance sonámbulo” (*Poesía 2*: 147-148).

García Lorca non esqueceu compor unha *nenia* para Rosalía:

### CANZÓN DE CUNA PARA ROSALÍA CASTRO, MORTA

*¡Érguete miña amiga  
que xa cantan os galos do día!  
¡Érguete miña amada  
porque o vento muxe, coma unha vaca!*

- 5 Os arados van e ven  
dende Santiago a Belén.  
Dende Belén A Santiago  
un anxo ven en un barco.  
Un barco de prata fina
- 10 que trai a door de Galicia.  
Galicia deitada e queda  
transida de tristes herbas.  
Herbas que cobren teu leite  
e a negra fonte dos teus cabelos.
- 15 Cabelos que van ao mar  
onde as nubes teñen seu nidio pombal.

*¡Érguete miña amiga  
que xa cantan os galos do día!  
¡Érguete miña amada  
20 porque o vento muxe, coma unha vaca!*



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego



O título orixinario era “Vella Cantiga”. No apógrafo de Guerra da Cal, nun recanto á dereita, inclúese, con letra de Blanco-Amor, entre paréntese, o título que quedou como definitivo “Cantiga de cuna para Rosalía Castro, morta”, facendo explícita a figura a quen vai dirixida e que protagoniza o texto. Arranca cun cantar popular como a mesma Rosalía de Castro fixo en moitos dos seus *Cantares Gallegos* (1863). Aquí parte dunha alba ou alborada ao xeito das provençais con estes versos que toma como motivo de inspiración (*Poesía Completa en Galego*, 1980: 85):

-Cantan os galos pra o día;  
érguete meu ben, e vaite.  
-¿Cómo me hei de ir,queridiña;  
cómo me hei de ir e deixarte?

García Lorca fai unha adaptación e interpretación libre, para, unha outra vez, rachar o molde e crear novas expectativas personalizadoras. Segundo moi ben interpretou Luísa Villalta (1999: 137)

Lorca reconverte a copla galega en variante libre da seguidilla como marco dunha restrita de pareados máis ou menos oitosilábicos, compostos coa mesma gozosa asimetría popularizante exhibida no seu *Poema del cante jondo*.


Co emprego constante da anadidiplose ao longo da composición, vai engarzando os versos, intensificando a mensaxe, desembocando nun espazo de liberación e afirmación. Mais voltemos ao comezo. Esta alba ou alborada que entoa co fin – simbolicamente– de espertar a súa “amiga” Rosalía, encarnación e matria de Galicia. De aí que os arados que sucán o camiño de Belén a Santiago, e de Santiago a Belén recrían a lenda do apóstolo Santiago chegando a Padrón e na barca (de pedra) trasladándose a Compostela –“un anxo ven en un barco” (v.8)– ; mais ese barco, agora de “prata fina”, tamén trae “a dor de Galicia”, a conciencia de



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

desamparo na que se atopa a terra e as súas xentes \_"Galicia deitada e queda/  
transida de tristes herbas" (vv.11-12)- do que sente necesidade de liberarse  
("Home libre, libre terra", sentenciou Eduardo Pondal), sendo os versos do refrán os  
que marcan as claves interpretativas: "érguete miña amiga" que xa nace o novo día,  
e nese novo día o vento simbólico da liberdade "muxe, como unha vaca".

O último poema é, sen dúbida, o máis fascinante, mais tamén o que máis motivos e  
marcas lorquianas acumula, como ten sinalado o profesor granadino Andrés Soria  
Olmedo (2004: 378-380) quen establece unha serie de correspondencias: vv.1-2  
da "Danza.." coa "Oda al Santísimo Sacramento", o "transido Corpo" de San  
Sebastián; vv. 3-4, remite a "La luna vino a la fragua/ con su polisón de nardos./  
El niño la mira, mira./ El niño la está mirando", de "Romance de la luna, luna"; os  
vv.17-18, aclimatan atmosferas do "Romance sonámbulo" e da "Gacela de la terrible  
presencia" de *Diván del Tamarit (Poesía 2: 336)*: "Quiero que la noche se quede  
sin ojos/ y mi corazón sin la flor del oro." Sendo o verso "que baila, e baila e  
baila" el que remita a "Canta y canta/ una canción/ en su vihuela blanca/ y canta  
y canta y canta" del poema "Clamor" de *Poema del cante jondo (Poesía 1: 335)*.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Vaiamos coa lectura de

### *DANZA DA LÚA EN SANTIAGO*

¡Fita aquel branco galán,  
olla seu transido corpo!

É a lúa que baila  
na Quintana dos mortos.

5 Fita seu corpo transido,  
negro de somas e lobos.

Nai: A lúa está bailando  
na Quintana dos mortos.

¿Quén fire potro de pedra  
10 na mesma porta do sono?

¡É a lúa! ¡É a lúa  
na Quintana dos mortos!

¿Quén fita meus grises vidros  
cheos de nubens seus ollos?

15 ¡É a lúa, é a lúa  
na Quintana dos mortos.

Déixame morrer no leito  
soñando con froles d'ouro.

Nai: A lúa está bailando  
20 na Quintana dos mortos.

Aí filla: co ar do ceo  
vólome branca de pronto!

Non é o ar, é a triste lúa  
na Quintana dos mortos.

25 ¿Quén brúa co-este xemido  
d'inmenso boi melancónico?



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Nai: É a lúa, a lúa  
na Quintana dos mortos.

¡Sí, a lúa, a lúa  
30 coronada de toxos,  
que baila, e baila, e baila  
na Quintana dos mortos!

Poderíamos establecer dous escenarios en que transcorre este drama: un exterior, a Quintana dos Mortos bañada pola lúa, e un interior, supoñamos un cuarto, onde as protagonistas poemáticas –Filla e Nai– manteñen un diálogo dramático, xa que a filla moribunda contempla a morte en figura de amado (Eros e Tánatos) – “¡Fita aquel branco galán,/ olla seu transido Corpo” (vv.1-2): Mentres a nai angustiada simula que (vv. 3-4) é simplemente a lúa que está a bailar no escenario da vida e da morte: a Quintana dos Mortos. Mais desde os vv. 5-6 xa non podemos simular porque a filla identifica ese “Corpo transido, negro de somas e lobos”, imaxes – sombras e lobos– ben rosalianas, cargadas de negatividade e morte. Estamos, pois, ante unha danza da morte porque desde o v.9 até contra o cabo do poema, o diálogo filla –nai, a través de imaxes –potro ferido ou ollos cheos de nubes– desencadean o paso seguinte asumindo a morte como liberación –“Déixame morrer no leito/ soñando con froles dóuro.”(vv.17-18). E aínda que a filla invoca o ar, elemento vital– (vv.21-22), a intervención da nai –asumindo a realidade dramática– anula calquera simulación ou engano –“Non é o ar, é a triste lúa” (v.24): dando paso á interrogación (vv.25-26) onde o inmenso boi melancólico do vento brúa con forza mortal, mentres a nai sen consolo apela á lúa, mais “a lúa coronada de toxos/ que baila, e baila, e baila” nun maldito baile de morte, *al alba*.

4

Permitaseme pechar facendo a loanza do autor granadino que, con decisión e valentía, soubo meterse na alma dun pobo, o galego, recreándose no seu imaginario



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

colectivo a través dunhas certeiras pinceladas. Estes seis poemas son absolutamente dignos do mellor García Lorca como puidemos ver nese diálogo que establece entre o galego e o castelán, con toda naturalidade. Por iso, aqueles versos finais do cuarto movemento –“Alma ausente”– do *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*, que tan de corazón dixo polo seu amigo sevillano, digámolos agora para Federico García Lorca:

Tardará mucho tiempo en nacer, si es que nace,  
un andaluz tan claro, tan rico de aventura.  
Yo canto su elegancia con palabras que gimen  
y recuerdo una brisa triste por los olivos.

### BIBLIOGRAFÍA

ALONSO MONTERO, X. e MIRO VILLAR (1998), *Textos e documentos para o Congreso sobre García Lorca, poeta en lingua galega*, Editorial Galaxia, Vigo.

CASTRO, Rosalía de (1980), *Poesía Completa en Galego*, ed. de Benito Varela Jácome, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

FRANCO GRANDE, J. L. y LANDEIRA YRAGO (1974), “Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos”, *Grial*, nº 44, pp.280-307.

FEAL DEIBE, C. (1971), “Los *Seis poemas Galegos* de Lorca y sus fuentes rosalianas”, *Romanische Forschungen*, LXXXIII, pp. 555-587.

GARCÍA LORCA, F. (1935), *Seis poemas Galegos*, Volume LXXIII, Editorial Nós, Compostela.

GARCÍA LORCA, F. (1974 e 1978), *Seis poemas Galegos*, ed. de Xesús Alonso Montero Col. Arealonguiña, AKAL Editor, Madrid.

GARCÍA LORCA, F. (1988), *Diván del Tamarit. Seis poemas Galegos. Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*, ed. crítica de Andrew A. Anderson, Espasa Calpe, Madrid.

GARCÍA LORCA, F. (1989), *Poesía, 1*, ed. de Miguel García-Posada, 2ª ed. revisada y ampliada, Ediciones Akal, Madrid.

GARCÍA LORCA, F. (1989), *Poesía, 2*, ed. de Miguel García-Posada, Ediciones Akal, Madrid.

GARCÍA LORCA, F. (1994), *Impresiones y paisajes*, ed. de Rafael Lozano Millares, Cátedra, Madrid.



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

GARCÍA LORCA, F. (1994), *Poesía inédita de juventud*, ed. de Christian de Paepe, Cátedra, Madrid.

GARCÍA LORCA, F. (1997), *Obras completas II, Teatro*, ed. de Miguel García-Posada, Galaxia Gutenberg. Círculo de Lectores, Barcelona.

GARCÍA LORCA, F. (1997), *Obras completas III, Prosa*, ed. de Miguel García-Posada, Galaxia Gutenberg. Círculo de Lectores, Barcelona.

GARCÍA MONTERO, Luis (2016), *Un lector llamado Federico García Lorca*, Taurus, Madrid.

GIBSON, I. (2016), *Vida, pasión y muerte de Federico García Lorca 1898-1936*, Penguin Random House Grupo Editorial, Barcelona.

FERREIRO, Celso Emilio (2004), *Poesía Galega Completa*, ed. de Ramón Nicolás, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

LANDEIRA YRAGO, J. (1986), *Viaje al sueño del agua. El misterio de los poemas gallegos de García Lorca*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña.

LANDEIRA YRAGO, J. (1986), *Federico García Lorca y Galicia*, Edicións do Castro, Sada- A Coruña.

LOPEZ-CASANOCA, A. (2007), *Macrotexto poético y estructuras de sentido. Análisis de métodos líricos modernos*, Tiran lo Blanch, Valencia, pp. 65-93.

PENA, X. R. (2016), *Historia da Literatura Galega III. De 1016 a 1936*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, pp. 273-280.

PÉREZ RODRÍGUEZ, Luís (2011), *O pórtico poético dos Seis poemas Galegos*, 3ª ed, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

PRADA, Amancio (2014), *Federico García Lorca Poeta en Galicia*, Libro-CD, Imaxes de Juan Carlos Mestre, Vaso Roto Ediciones, Madrid.

SÁNCHEZ REBOREDO, J. (1986), "Sobre los seis poemas gallegos", *Cuadernos Hispanoamericanos*, nn. 435-436, pp. 619-627.

SORIA OLMEDO, A. (1998), "Después de Nueva York", *ABC Literario*, 5.06: 12.

SORIA OLMEDO, A. (2004), *Fábula de fuentes. Tradición y vida literaria en Federico García Lorca*, Residencia de Estudiantes, Madrid.

VÁZQUEZ SOUZA, E. (2003), *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña.

VILLALTA, L. (1999), *O outro lado da música, a poesía. Relacións entre ambas artes na Historia da Literatura Galega*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.

